

Ola nenos e nenas,

Que tal?

Seguro que estas vacacións xogastes moito. Que ben!
Pois Roque vai seguir mandándovos propostas para que disfrutes en familia.

Como vos vai co conto da "Eiruga glotona"? Seguro que xa o rematastes e vos quedou moi ben. Xa mo ensinaredes.

Hoxe é día 30, polo que toca sorpresa! E vaia sorpresa, hoxe pola mañá, cando espertei, sabedes que foi o primeiro que vin? Isto!



Cal medrará antes? Mirade na seguinte páxina para ver se acertastes.

X= NON MEDRA

 = MEDRA

REXISTRO DE CRECEMENTO

15°			
14°			
13°			
12°			
11°			
10°			
9°			
8°			
7°			
6°			
5°			
4°		X	
3°		X	X
2°	X	X	X
1°	X	X	X

LENTELLAS



GARAVANZOS



FABAS



Propóñovos facer a proba nas vosas casas. Tan so necesitaredes un bote de un iogur, algodón, unha legume (faba, garavanzo ou lentella) e auga.

Unha vez que a teñades plantada, podedes facer unha táboa coma a da follá anterior e ides anotando que día comezou e mais observando que cambios se producen no que plantastes.

Para isto debedes cuidar todos os días da planta e investigar se necesita auga ou non, se necesita moita ou pouca...

Ademais tamén vos animo que fagades outra proposta que Sole xa fixo e velaquí que bonitos lle quedaron.



Gústavos?

Pois propóñovos que intentedes facer vós outros "debuxos", pero tendo en conta que deben ser con comida saudable, pois o pasado 7 de abril foi o Día Mundial da Saúde. Non teñen que ser os mesmos debuxos que fixo Sole (seguro que a vós se vos ocorren outros) e con un xa abundaría.

Unha vez que os teñades preparados, ánimovos a que escribades o que precisastes para facelos e lle mandedes unha foto a Sole. Así, con todos os que lle enviades, faremos un libro de comida saudable que formará parte da nosa biblioteca.

Na páxina seguinte tedes un exemplo de como podedes facelo para poder enviálo. MOITO ÁNIMO!

Deica mañá,





ROQUE

- 1 ANACO DE PIÑA
- 2 ANACOS DE PLÁTANO
- 2 ANACOS DE MAZÁ
- 1 FRAMBUESA
- 3 ARÁNDANOS



SOL

- 1 ANACO DE PIÑA
- 2 ANACOS DE PLÁTANO
- 4 FRESAS
- 1 FRAMBUESA
- 8 ARÁNDANOS

SOLE